



## NIGRÁN

### NOTIFICACIÓN

Dacordo co oficio da Alcaldía de data 22 de xullo de 2014, comunicaselle que:

Verificado o incumprimento da resolución de data 16 de xullo de 2010, relativa a construcción de planta baixo cuberta sen axustarse a licenza, situado na rúa Jesús Espinosa, rúa do Mariñeiro, barrio de San Xoán, parroquia de Panxón, realizadas por Apartamentos Panxón Playa, S.L., expediente núm. 09/0256 RLU, procede pasar á fase de execución forzosa a través do requerimiento previo á imposición de multas coercitivas.

O que, de conformidade co artigo 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícase, mediante a publicación da parte dispositiva de dita resolución, podendo tomar coñecemento do seu texto íntegro nas oficinas de Urbanismo do Concello de Nigrán, no prazo de dez días contados a partir da publicación deste anuncio.

Nigrán, 7 de agosto de 2014.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2014007175

\* \* \*

## P O I O

### A N U N C I O

O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria realizada o 27 de maio de 2014 aprobou inicialmente o Regulamento dos Servizos de Residuos Sólidos Urbanos no termo municipal de Poio, someténdose a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 125 do martes 1 de xullo de 2014, sen que no prazo legalmente establecido se teñan presentado alegacións nin reclamacións, polo que queda definitivamente aprobado segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Contra a aprobación definitiva deste regulamento únicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### REGULAMENTO DOS SERVIZOS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO TERMO MUNICIPAL DE POIO

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Regulamento dos Servizos de Recollida de Lixo e Limpeza Viaria, cuxo texto se detalla, en substitución da Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente, responde a determinadas necesidades e circunstancias, que caben sintetizar nos seguintes termos:

1. Trátase de adoptar e completar o marco xurídico diferido pola normativa estatal e autonómica sectorial, especialmente a Lei 22/2011 de 27 de xaneiro, de residuos e solos contaminados, que ten o carácter de lexislación básica, introducindo aspectos relevantes como a propia definición de residuos domésticos, ou o principio de “quen contamina paga”.

#### “ARTIGO 11. CUSTOS DA XESTIÓN DOS RESIDUOS.

De acordo co principio de quen contamina paga, os custos relativos á xestión dos residuos terán que correr a cargo do produtor inicial de residuos, do posuidor actual ou do anterior posuidor de residuos de acordo co establecido nos artigos 42 e 45.2.

As normas que regulen a responsabilidade ampliada do produtor para os fluxos de residuos determinados, establecerán os supostos nos que os custos relativos a súa xestión terán que ser sufragados, parcial ou totalmente, polo produtor do producto de que proceden os residuos e cando os distribuidores do producto poderán compartir ditos custos.



Na determinación dos custos de xestión dos residuos domésticos, e dos residuos comerciais xestionados polas Entidade Locais, deberán incluírse o custo real das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, e o mantemento posterior ó peche dos vertedoiros.”

Débese por de manifesto que a actual ordenanza municipal se aprobou no ano 2001, data na que parte da normativa de aplicación (véxase Art.2 do Regulamento proposto) vixente na actualidade, áinda non existía.

2. Resulta necesario ante unha nova contratación para a xestión indirecta dos servizos mediante a modalidade da concesión, que exista un regulamento específico dos servizos que únicamente se refira ó obxecto do contrato. A ordenanza municipal existente tiña un contido mais amplo e regulaba outros aspectos ambientais non comprendidos no contrato.

3. O regulamento introduce novas definicións de limpeza viaria, xestión de residuos, residuos, recollida selectiva, aproveitamento, etc., en concordancia cos Pregos e demais documentos reguladores da nova concesión do servizo.

4. As frecuencias de certas prestacións (Art.8 limpeza de contedores), as condicións e horario de depósito dos residuos (Art.11), a presentación de residuos en rúas interiores (Art.15) ou mesmo a recollida de obxectos voluminosos (Art.24), etc., son aspectos que era preciso concretar e completar e que non aparecían na ordenanza municipal vixente, ou eran contraditorios coas condicións dos novos servizos.

5. A definición de tipoloxía dos residuos sanitarios, industriais e mesmo da construcción, deslindando ata onde acada a responsabilidade municipal, son precisións imprescindibles para usuarios e concesionario do servizo.

6. O ámbito da limpeza viaria, as obrigas de titulares de terras, inmobles e instalacións diversas precisaban dunha profunda revisión para adaptalos á problemática actual.

7. O regulamento proposto establece pormenorizadamente as infraccións, e as sancións, en concordancia coa lexislación estatal sobre a materia, empregándose na preparación do proxecto de Regulamento, referencias comparadas, a partires das regulacións vixentes noutras cidades, a xestión dos procedementos sancionadores, ó tempo que dar pleno cumprimento na materia ós principios de tipicidade e de seguridade xurídica.

Prodúcese o reforzamento do réxime disciplinario e as súas medidas cautelares e complementarias, como fórmula basicamente preventiva en defensa do benestar e seguridade do colectivo cidadán.

## TÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

### ART. 1.—OBXECTO DESTE REGULAMENTO

Corresponde ao Concello de Poio, en virtude do disposto nos artigos 25.2.l) e 26.1.a) da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, prestar, co carácter de mínimo obrigatorio, os servizo de limpeza viaria e de xestión de residuos sólidos urbanos (en adiante r.s.u).

Este Regulamento ten por obxecto establecer as condicións de prestacións dos Servizos de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e mantemento de terreos, inmobles e instalacións diversas no termo municipal do Concello de Poio.

### ART. 2.—DEFINICIÓN

A xestión dos Servizos de limpeza viaria, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e o seu transporte á planta de transferencia levarase a efecto con estrita suxeición á seguinte normativa:

- Directiva 94/62/CE, de 20 de Decembro.
- Lei 11/97, de 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases.
- Lei 22/2011 de 23 de Xullo de Residuos e Solos contaminados.
- Lei 11/2012 de 19 de decembro de medidas vixentes en materia de medio ambiente.



- Quinto y Sexto programas de Acción Medioambiental da Unión Europea.
- Real decreto 772/1998 de 30 de abril, polo que se aproba o regulamento para o desenrollo e execución da Lei 11/97, de 24 de Abril de Envases e Residuos de Envases.
- Plan Nacional Integrado de Residuos 2008-2015, de 20 de Xaneiro de 2009 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.
- Real Decreto 212/2002 de 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras no contorno debidas a determinadas maquinas de uso ao aire libre (B.O.E num. 52, de 1 de marzo de 2002).
- Lei 10/97 de 22 de Agosto de residuos Sólidos Urbanos de Galicia.
- Lei 9/00 de Avaliación de impacto ambiental e RD 1302/1986.
- Lei 1/95 de 2 de Xaneiro de protección ambiental de Galicia.
- Lei 5/97 de protección contra a contaminación acústica.
- Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente de Concello de Poio (B.O.P nº66 de 8 de abril de 2002).
- Calquera outra disposición legal aplicable.

### *Limpeza viaria:*

Para os efectos do disposto neste Regulamento, o servizo de limpeza comprende:

A limpeza da vías públicas, entendidas como o sistema de espazos e instalacións asociadas, delimitados e definidos polas súas aliñacións e rasantes, e destinados á estanza, relación, desprazamento e transporte da poboación, así como ao transporte de mercadorías, incluída as prazas de aparcamento ordinarias e as superficies cubertas con vexetación, complementarias do viario. Son de uso e dominio público.

A limpeza dos espazos libres públicos, considerados como sistema de espazos e instalacións asociadas, destinados a parques, xardíns, áreas de ocio, expansión e recreo da poboación, áreas reservadas para xogo infantil, zonas

deportivas abertas de uso non privativo e outras áreas de libre acceso non vinculadas ao transporte nin complementarias das vías públicas ou dos equipamentos. Son de uso e dominio público.

O uso da vía pública por instalacións fixas ou desmontables na súa vertente de limpeza viaria.

O uso do dominio público polos cidadáns, no ámbito da Limpeza viaria, comprendendo a tenencia de animais domésticos, as regas de plantas, a limpeza de enseres, a publicidade estática e dinámica, a hixiene persoal e cantas outras actividades poidan conterse ou afectar á Limpeza viaria.

### *Xestión de residuos:*

A xestión de residuos defíñese como o conxunto de actividades encamiñadas á prevención da produción, e a dar aos mesmos un destino máis axeitado de acordo coas súas características, co fin de protexer a saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

A xestión de residuos comprende:

- a) As operacións de prerrecolellida, recollida selectiva, almacenamento, transporte, tratamento e eliminación.
- b) As operacións de transformación precisas para a súa reutilización, a súa recuperación ou a súa reciclaxe.

A estos efectos, enténdese por:

### *Residuo:*

Calquera substancia ou obxecto do que se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor, comprendendo os domiciliarios, os comerciais, de oficinas e de servizos, os sanitarios, animais mortos, mobles, apeiros domésticos e vehículos, os industriais, os agrícolas ou procedentes de traballos propios de xardinería, os de construcción e de obras menores de reparación doméstica.

*Prevención:*

Conxunto de medidas destinadas a evitar a xeración de residuos ou a conseguir a súa redacción, ou da cantidade de substancias perigosas ou contaminantes presentes neles.

*Recollida selectiva:*

Sistema de recollida baseado no uso de diferentes contedores para o depósito de compoñentes específicos dos residuos, clasificados pola súa natureza e composición. O sistema basearase en contedores nos que se deposita un so tipo de residuos, tal como vidro, papel, materia orgánica, etc., ou máis dun, como envases lixeiros (plásticos, metálicos, tetrabrick). Estes contedores están situados nas rúas do Concello ou en instalacións especiais denominadas Parques de Reciclaxe ou Puntos Limpos, instalacións nas que se reciben, previamente seleccionados, certos tipos de residuos domésticos).

*Aproveitamento:*

Todo proceso industrial que teña por obxecto a recuperación ou transformación dos recursos contidos nos residuos, mediante a súa reciclaxe ou a reutilización para o mesmo ou diferente uso.

*Tratamento:*

Conxunto de operacións encamiñadas ao aproveitamento dos recursos contidos nos residuos, e á eliminación das fraccións residuais non válidas para a súa reutilización ou reciclaxe.

*Eliminación:*

Todos aqueles procedementos dirixidos, ben ao almacenamento ou vertido controlado dos residuos, ou ben á súa destrución, total ou parcial, mediante sistemas non danios para o medio ambiente.

Como servizo público da competencia local poderá xestionarse de forma directa (mediante xestión pola propia entidade local, a través de organismo autónomo, mediante entidade pública empresarial ou a través de sociedade mercantil local, de capital integralmente municipal etc.) ou indirecta, mediante calquera das distintas modalidades previstas para o contrato de xestión de servizo públicos, no artigo 277 do texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011 de 14 de novembro, en adiante TRLCSP).

Calquera que sexa a forma de xestión utilizada para a súa xestión, o servizo terá sempre a consideración de público, ostentando o Concello de Poio plena potestade para organizalo e modificalo, tanto na orde persoal, coma no económico ou en calquera outro aspecto, conforme á lexislación aplicable en cada momento, co fin de atender as necesidades dos cidadáns.

**ART. 3.—CLASIFICACIÓN DE RESIDUOS**

1.—Aos efectos previstos neste Regulamento están comprendidos no concepto de residuos sólidos urbanos, de conformidade con canto se dispón no art. 4 da Lei 10/1997, do 22 de Agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, os seguintes:

- a) Os residuos de orixe doméstico.
- b) Os residuos xerados en comercios, oficinas, e servizos.
- c) Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- d) Os residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, peregrinacións, excursións, acampadas ou actos similares.
- e) Os mobles, aparellos e electrodomésticos desbotados.
- f) Os entullos de construcción e obras menores de reparación domiciliaria.
- g) En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento, ou depósito controlado corresponda aos municipios de acordo co establecido expresamente na Lei de bases de réxime local e demais disposicións vixentes.



2.—Quedan excluídos de ámbito deste Regulamento, nos termos que no mesmo se establecen, os seguintes residuos:

- a) Perigosos: son aqueles que figuran na lista de residuos perigosos, aprobada no Real Decreto 952/1997, así como os recipientes e envases que os contivesen; os que foran cualificados como perigosos pola normativa comunitaria, e os que poida aprobar o Estado de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais.
- b) Radioactivos.
- c) Os residuos específicos de procesos industriais.
- d) Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamiento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.
- e) As materias fecais e outras sustancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.
- f) Os residuos xerados pola actividade específicamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios
- g) Os efluentes líquidos vertidos ás augas continentais e ao mar.
- h) Os efluentes gasosos vertidos a atmosfera.
- i) Calquera outra clase de material que se goberne por disposicións especiais.

#### *ART. 4.—ACTIVIDADE DO CONCELLO NA MATERIA*

1. O Concello, a través da fórmula de xestión que se determine, prestará os servizos públicos de limpeza viaria e xestión de residuos sólidos urbanos nos termos previstos neste Regulamento, con arranxo aos esquemas organizativos e técnicos que en cada momento estime oportunos. O Concello de Poio é titular do Servizo que presta de forma indirecta, ostentando este Servizo en todo momento a cualificación de Servizo público municipal, competencia que ten atribuída e que xustifica o control da súa xestión e a inspección do Servizo en todo momento.

2. Sen prexuízo desta actividade de prestación, e en apoio da mesma, exercerá de policía para dirixir, previr e, no seu caso, sancionar as condutas e accións que afecten ao servizo de que se trata.

3. A prestación do servizo de recepción obligatoria de xestión de r.s.u., é dicir, de prerrecoltada, recollida e transporte de lixo e o seu tratamento e, en xeral, dos residuos sólidos urbanos.

Exclúense deste servizo obligatorio, na forma establecida na legislación vixente e, en concreto, neste Regulamento, os residuos de tipo industrial, de construcción, sanitarios, contaminados, corrosivos, tóxicos, perigosos, e todos aqueles para os que na súa xestión se esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

- 4. A limpeza e varrido dos bens de uso público, descritos no presente regulamento

#### *ART. 5.—OPERACIÓNES A REALIZAR COS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS*

A prestación do servizo comprende as seguintes operacións:

- 1. Traslado das diferentes fraccións dos residuos e baleirado dos mesmos nos vehículos de recollida.
- 2. Devolución, se procede, dos elementos de contención, unha vez baleirados, aos puntos orixinarios.
- 3. Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións, ou que previamente estiveran depositados nos arredores dos contadores.
- 4. Transporte e descarga das diferentes fraccións dos residuos ás instalacións de tratamiento.
- 5. Tratamento dos residuos nas instalacións propias ou convidadas que en cada momento determine o Concello.



### *ART. 6.—RÉXIME DE PROPIEDADE DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS*

1. Unha vez depositados os r.s.u. dentro dos contedores ou recipientes establecidos ao efecto, adquirirán o carácter de propiedade do Concello.
2. Prohíbese seleccionar e retirar para o seu aproveitamento calquera clase de material residual depositado nos contedores situados na vía pública, agás con licenza expresa da Administración Local.
3. Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida e aproveitamento dos residuos, a excepción do que se dispón neste Regulamento.

### *TÍTULO II.—XESTIÓN DE RESIDUOS*

#### *CAPÍTULO I.—DA PRESENTACIÓN E DEPÓSITO DOS RESIDUOS E DOS RECIPIENTES EMPREGADOS*

### *ART. 7.—FORMA DE PRESENTACIÓN*

1. @s usuari@s están obrigad@s a depositar o lixo no interior de bolsas de plástico difficilmente desgarrables e con gramaxe superior a 20 gramos por metro cadrado, como recipientes para o depósito do lixo doméstico, comercial e de oficinas, debendo ter capacidade suficiente para permitir o seu peche, e cun peso máximo que non excederá de 15 quilogramos.

Nas zonas en que estea implantada ou se implante no futuro a recollida selectiva de materia orgánica, biorresiduos ou envases lixeiros, os residuos depositaranse en bolsas separadas: fracción húmida ou resto, e fracción seca, ou envases. Os outros componentes: papel e vidro, depositaranse directamente (sen bolsa) nos contedores específicos para cada tipo de material.

2. Depositaranse esas bolsas no interior de contedores normalizados, prohibíndose tirar lixo directamente nos mesmos.
3. En calquera caso, prohíbese:
  - a) O depósito de lixo que conteña residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.
  - b) Que en cada contedor se depositen más bolsas de lixo das que permita a súa capacidade, para un peche completo da tapa.
  - c) O depósito de residuos diferentes aos establecidos para cada tipo de contedor.

### *ART. 8.—LIMPEZA DE CONTEDORES*

1. As operacións de conservación e limpeza dos contedores deberán levarse a efecto coa periodicidade precisa.
2. A limpeza e desinfección de contedores para a fracción resto e envases lixeiros, será realizada periodicamente durante, todo o ano (dúas veces no verán, e tres veces distribuídas proporcionalmente, no resto do ano, coordinándose, axeitadamente, coa que levan a cabo, os servizos de Limpeza Viaria), e tamén realizarase puntualmente cando algúnsa circunstancia especial así o determine. Para os outros tipos de contedores será, ao menos, unha vez ao ano.
3. A limpeza realizarase de acordo coa normativa vixente.

### *ART. 9.—ACTIVIDADES PROHIBIDAS*

1. Queda terminantemente prohibido:
  - a) O abandono de residuos, quedando obrigad@s @s usuari@s a depositalos nos lugares e horarios establecidos.
  - b) Calquera tipo de manipulación de residuos na vía pública que non estea expresamente autorizada polo Servizo.
2. @s infractores que desatendan estas prohibicións están obrigad@s a retirar os residuos, no seu caso, abandonados, e a limpar a zona que ensuciaron, con independencia das sancións que correspondan.



### *ART. 10.—OBRIGAS DO PERSONAL DE SERVIZO*

A recollida dos residuos sólidos urbanos será efectuada polos operarios destinados polo servizo de recollida. A tales efectos, os recipientes serán colocados no lugar máis próximo ao paso do vehículo de recollida.

O persoal do servizo colector correspondente baleirará o contido dos recipientes no vehículo e depositarán estes, xa baleiros, no lugar onde estaban, sen que lles corresponda, polo tanto, manipulación dos residuos e dos recipientes dentro dos inmobles, públicos ou privados, de onde procedan os devanditos residuos.

### *ART. 11.—CONDICIÓN S E HORARIOS DE DEPÓSITO DOS RESIDUOS*

1. Depositaranse as bolsas de lixo no seguinte horario: de 20 a 22 horas, de luns a sábado, incluídos.

No casco urbano o horario podería ampliarse, previa comunicación publica municipal, tamén os Domingos e festivos, en determinadas datas.

Non está suxeito a horario o uso de contedores cando se depositen neles os restos de varrido e limpeza viaria.

Tampouco está suxeito a horario o uso dos contadores de vidro, papel, envases lixeiros e pilas.

2. As embalaxes, previa separación dos diferentes materiais, cartón, plásticos, xornais ou similares, situaranse, debidamente pregados para a súa fácil e eficaz manipulación no interior dos contedores establecidos. Prohibérese depositar fóra de tales recipientes as embalaxes, así como non dispoñer cada material no correspondente contedor específico situado na vía pública.

3. Os obxectos de vidro, louza, lata e, en xeral, os constituídos por materiais inorgánicos que poidan provocar feridas e danos ao persoal que os manexa, deberán ser depositados en forma que eviten tales danos e, en todo caso, dentro dos recipientes autorizados.

4. @s usuari@s utilizarán os contedores normalizados para compoñentes específicos: fracción húmida ou resto (tapa cor verde), contedor azul (papel), iglú verde (vidro), contedor amarelo (envases lixeiros), e os que se especifican coa debida sinalización (pilas, etc.).

### *ART. 12.—UTILIZACIÓN DOS CONTEDORES NORMALIZADOS*

1. @s usuari@s, persoas físicas ou xurídicas, comunidades de propietarios ou veciños, asociacións, comerciantes, industriais, etc., nos horarios e condicións establecidos, poderán utilizar os contedores normalizados situados en distintos puntos do termo municipal, ou, no seu caso, solicitar ao Concello, ou no seu caso a través da empresa concesionaria, autorización para a instalación dun propio, respectando o devandito horario e condicións.

2. Unha vez depositadas as bolsas nos contedores, pecharase a tapa dos mesmos.

### *ART. 13.—UBICACIÓN DOS CONTEDORES*

1. O número e ubicación dos contedores será determinado polo Concello, tendo en conta as lóxicas indicacións e suxestións recibidas dos usuarios, quen, polo demais, non poderán trasladalos a lugares distintos dos sinalados.

2. Poderanse establecer bados e reservas de espazo para a manipulación dos contedores, prohibíndose o estacionamento de vehículos en forma que interfira as operacións de carga e descarga de contedores, así como o desprazamento entre os mesmos.

### *ART. 14.—CONTEDORES DE USO EXCLUSIVO*

1. Nas zonas, locais, industrias ou establecementos onde se asignen contedores de uso exclusivo da actividade, o número de unidades a utilizar será fixado polo Concello, con cargo a tales usuarios.



2. Cando cumpra, o Concello ou no seu caso a empresa concesionaria do Servizo, previa autorización do Concello, procederá á renovación destes contedores, por deterioro ou outra razón, imputándose o cargo correspondente ao usuario.

3. @s usuari@s que disponan de contedores de uso exclusivo e retornalo, colocarán ditos contedores na beirarrúa, o máis próximo posible da beira, para que sexan recollidos e, unha vez baleirados, serán retirados da vía pública, aténdose aos horarios establecidos con carácter xeral.

#### *ART.15.—PRESENTACIÓN DE RESIDUOS EN RÚAS INTERIORES*

Nas edificacións con amplos patios de mazá, nos que o acceso ao portal do inmoble se abra a esos patios, compe que os vehículos colectores teñan acceso libre aos mesmos. En caso contrario, a propiedade ou administración do conxunto do inmoble encargarase de que os residuos ou recipientes que os conteñan se sitúen en espera do vehículo colector a menos de 10 metros do seu paso.

Nos núcleos interiores con rúas interiores que non permitan a circulación rodada e, por tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, as Comunidades de Propietarios das fincas ou usuarios en xeral os trasladarán, cos seus propios medios, debidamente clasificados e en bolsas, aos contedores situados no punto máis cercano ao paso do camión colector, nos termos do parágrafo anterior.

#### *ART. 16.—OUTROS SUPOSTOS*

Os establecementos ou locais públicos ou privados que produzan cantidades considerables de residuos sólidos poderán ser autorizados ao transporte dos mesmos, cos seus propios medios, aos puntos de transformación e/ou eliminación que indique o Concello ou no seu caso a través da Empresa concesionaria, utilizando recipientes ou dispositivos especiais que cumpran o presente Regulamento.

O Concello, por si ou a través da Empresa concesionaria, realizará o correspondente cargo pola transformación ou eliminación destes residuos.

Se unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, á que habitualmente se lle retira unha cantidade concreta e específica de residuos, tivese necesidade, por calquera causa, de desprendese de residuos sólidos en cantidades maiores á anterior e non de forma frecuente, non poderá abandonalos cos residuos habituais, senón que poderá optar por obter a autorización especial á que se refire o número anterior, ou por solicitar a súa retirada particularizada polo servizo de recollida do lixo, responsabilizándose dos gastos que, nun e noutro caso, se orixinen.

### *CAPÍTULO II.—TRATAMIENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS*

#### *ART. 17.—DISPOSICIÓN XERAL*

As instalacións dedicadas ao tratamento, transformación, compostaxe, reciclaxe, incineración ou outras solucións técnicas relativas aos residuos, deberán acomodarse ao disposto na lexislación internacional (europea), estatal, autonómica e local.

#### *ART. 18.—PROHIBICIÓN XERAIS*

1. Queda prohibido o abandono de cadáveres de animais. O seu tratamento e eliminación axustarase á normativa xeral sanitaria.

2. Así mesmo, queda prohibido calquera abandono de residuos, entendendo por tal todo acto que teña como resultado deixar incontroladamente materiais residuais no contorno ou medio físico, e as cesións, a título gratuito ou oneroso, de residuos a persoas físicas ou xurídicas que non posúan a debida autorización municipal ao efecto e sexan xestores de r.s.u.



O servizo poderá recoller os residuos abandonados e eliminálos, imputando o custo destas operacións aos responsables, sen perda da sanción que corresponda nin da esixencia das responsabilidades civís e penais que procedan.

3. Tamén está prohibida a incineración incontrolada de residuos sólidos, industriais ou de calquera tipo, a ceo aberto.

4. Finalmente, está prohibido o depósito de entullo e toda clase de residuos urbanos en terreos ou zonas non autorizadas polo Concello, e de residuos distintos aos autorizados, sendo as persoas que os realicen responsables do incumprimento e, no caso de ser transportados por vehículos, os seus titulares.

### *ART. 19.—RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS*

1. @s produtor@s de residuos e usuarios en xeral, que os entreguen para o seu tratamento e/ou eliminación a un terceiro, serán responsables solidarios con este de calquera dano que puidese derivarse. Así mesmo responderán, solidariamente, das sancións que se impoñan.

2. Dos danos que se produzan nos procesos de tratamiento e eliminación, como consecuencia da mala fe na entrega dos residuos ou falta de información sobre as características dos produtos entregados, serán responsables @s produtor@s dos residuos obxecto desta anomalía.

### *CAPÍTULO III.—RESIDUOS SANITARIOS*

#### *ART. 20.—XESTIÓN DE RESIDUOS SANITARIOS*

1. Denominaremos abreviadamente como residuos sanitarios aqueles que figuren dentro do Catálogo Europeo de Residuos nos grupos 20.00.00 e 18.00.00 (Decisión da Comisión de 20/12/1993).

Serán os xerados en calquera instalación ou establecemento no que, de forma temporal ou permanente, se desenvolva algunha das seguintes actividades de atención á saúde humana ou de carácter veterinario:

Asistencia sanitaria ao paciente.

Análises, investigación ou docencia.

Obtención ou manipulación de produtos biolóxicos.

Medicina preventiva.

Asistencia veterinaria.

2. Os residuos sanitarios clasífianse nos seguintes grupos:

#### *Grupo I: residuos asimilables a urbanos*

Son os xerados en actividades non especificamente sanitarias, e que por tanto non presentan ningún risco significativo e non requiren precaucións especiais na súa xestión. Inclúense neste grupo os residuos similares aos domésticos, como o papel, cartón, restos de cociñas e comidas, de xardinería, oficinas e estancias alleas á actividade sanitaria, ou procedentes de pacientes non infecciosos e non incluídos nos grupos II e III.

Estes residuos, en xeral, non presentan ningún tipo de contaminación específica, nin risco de infección no interior nin no exterior dos centros sanitarios. Están compostos de papel, cartón, metais, vidro, restos de comida, así como outros tipos de residuos que normalmente son xerados en estancias ou áreas dun centro sanitario no que non se realizan actividades propiamente sanitarias, tales como oficinas, comedores, cafetería, almacéns, sas de espera, etc. Esta clase inclúe tamén os residuos de xardinería, mobiliario e, en xeral, tódolos residuos que, de acordo co Artigo 3º, Apartados b) e c) da Lei 22/2011 de Residuos, se clasifican como residuos domésticos.



### *Grupo II: residuos sanitarios non específicos*

Son os materiais e produtos biolóxicos propios da actividade sanitaria, así como os materiais de contacto cos anteriores e destinados á súa eliminación, que non se inclúen no Grupo I. Estes residuos requiren condicións especiais de xestión no interior dos centros sanitarios, e nunca poderán destinarse á reciclaxe.

Trátase, pois, de todo residuo biosanitario que non pertenza a ningún dos grupos de residuos biosanitarios definidos como de Grupo III, é dicir, que non se clasifique como sanitario específico.

Inclúe residuos tales como filtros de diálise, medicinas, fármacos, tabuladuras, sondas, vendaxes, gasas, luvas e outros desbotables cirúrxicos, bolsas de sangue baleiras e, en xeral, todo material en contacto con líquidos biolóxicos.

### *Grupo III: residuos sanitarios específicos*

Son os materiais e produtos biolóxicos propios da actividade sanitaria, así como os materiais en contacto cos anteriores e destinados á súa eliminación que se fosen eliminados directamente sen tratamento previo suporían un risco de infección significativo para as persoas laboralmente expostas ou, a través do medio ambiente, para a saúde pública en xeral.

Inclúense neste grupo:

- Residuos infecciosos: son aqueles que, pola posible presenza dalgún axente infeccioso por proceder de pacientes afectados polas citadas infeccións, susceptibles de transmitilas.
- Cultivos e reservas de axentes infecciosos e o material de refugallo en contacto con eles.
- Agullas e residuos punzantes ou cortantes.
- Líquidos corporais, sangue e hemoderivados en forma líquida ou en recipientes e en cantidades superiores a 100 ml.
- Restos anatómicos que, pola súa escasa entidade, non se inclúen na normativa da policía sanitaria mortuoria.
- Residuos de animais infecciosos e/ou inoculados con axentes infecciosos. Cadáveres, partes do corpo, restos anatómicos e residuos procedentes da súa estabulación.

### *Grupo IV: cadáveres e restos humanos*

De entidade suficiente, procedentes de operacións cirúrxicas; a súa xestión queda regulada polo Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria do Estado.

### *Grupo V: residuos químicos*

Residuos caracterizados como perigosos pola súa contaminación química, de acordo co Real Decreto 833/1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos, e modificado por R.D. 952/1992.

### *Grupo VI: residuos citotóxicos*

Residuos compostos por restos de medicamentos citotóxicos e todo material que teña estado en contacto con eles, que presentan riscos carcioxénicos, mutaxénicos, tanto no interior como no exterior dos centros sanitarios.

### *Grupo VII: residuos radioactivos*

Residuos contaminados por substancias radioactivas. A súa eliminación é competencia exclusiva da Empresa Nacional de Residuos Radioactivos, Sociedade Anónima (ENRESA), de acordo co Real Decreto 1522/1984.



3. Sen prexuízo do que de seguido se establece, os centros produtores de residuos sanitarios son responsables da súa xestión. A estes efectos, cada centro, sexa cal fora a súa tipoloxía legal, deberá nomear unha persoa con formación adecuada para que se responsabilice de todo o relacionado cos residuos producidos.

4. Compete ao Concello ou no seu caso á Empresa concesionaria a recollida dos centros sanitarios dos residuos asimilables aos residuos domésticos (Grupo I), que se han depositar nos contedores normalizados para cada clase de compoñente, tal como se establece no presente Regulamento para tódolos R.S.U.

5. Os residuos correspondentes aos Grupos II e III quedan excluídos dos servizos de recollida municipal, se ben, previo tratamento que elimine as características que os fan perigosos, poderían depositarse nun vertedoiro de R.S.U. ou noutra instalación de eliminación, ánda que nunca destinarse á reciclaxe.

6. Así mesmo, quedan expresamente excluídos da xestión municipal os residuos sanitarios dos Grupos IV ao VII. A súa recollida e eliminación corresponderá ao propio centro, igual que as do apartado anterior.

7. Só poderán depositarse os residuos catalogados dentro do Grupo I nos contedores normalizados destinados á recollida do lixo domiciliario.

#### CAPÍTULO IV.—RESIDUOS INDUSTRIAIS

##### ART. 21.—XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS

1. O servizo municipal só está obrigado a xestionar os residuos industriais que sexan asimilables aos residuos domiciliarios e comerciais, e non teñan, dentro desta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais, debido ao seu volume, configuración ou composición.

2. Por iso, compete a cada entidade a xestión dos seus residuos eminentemente industriais, ou refugallo derivados da súa actividade xenuína. (apdo. d) Lei 22/2011 de Residuos) Tamén pode optar por entregalos a un xestor autorizado para a súa valorización ou eliminación. En todo caso, está obrigado a manter os residuos, mentres se atopan no seu poder, en condicións axeitadas de hixiene e seguridade.

#### CAPÍTULO V.—RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DE OBRAS MENORES DE REPARACIÓN DOMÉSTICA

##### ART. 22.—DISPOSICIÓN XERAL

1. Inclúense dentro desta sección os residuos procedentes de:

- Obras públicas e privadas.
- Obras de construcción, reforma, rehabilitación, demolición e similares, en edificios públicos e privados.
- Obras menores de calquera índole, incluídas as de pequenas reparacións domésticas.

2. Ós efectos previstos neste Regulamento, a xestión deste tipo de residuos non é de prestación obrigatoria municipal, sempre que o seu peso exceda os 40 Kg, sen prexuízo da súa actuación en vía de execución subsidiaria e do establecido no presente Regulamento.

3. A intervención do Concello a través da Empresa concesionaria tenderá a:

Orientar a recollida e eliminación destes residuos.

Evitar o vertido incontrolado ou clandestino dos mesmos.

Velar pola hixiene urbana neste ámbito e, fundamentalmente, na súa vertente medioambiental.

Impedir o deterioro dos pavimentos e os restantes elementos estruturais do municipio.



4. O concello, directamente ou a través da Empresa concesionaria do Servizo, sinalará os lugares idóneos para o vertido destes residuos e as condicións en que debe efectuarse, e fomentará o vertido nos lugares que conveñan ao interese público, previa Declaración Ambiental favorable emitida polo Órgano Ambiental competente, posibilitándose a recuperación de espazos previamente degradados dende o punto de vista medioambiental.

#### *CAPÍTULO VI.—RECOLLIDAS ESPECIAIS E DE MOBLES, OBXECTOS E OUTROS*

##### **ART. 23.—RECOLLIDAS ESPECIAIS**

Os refugallos e residuos que, polo seu volume ou configuración, non poidan ser recollidos polo servizo municipal, xestionaranse e eliminaranse, coas salvidades expostas nesta sección, polos seus propios produtores, constituíndo o depósito ou vertedoiros propios legalmente autorizados ou entregándoos ao Xestor autorizado.

##### **ART. 24.—RECOLLIDA DE OBXECTOS VOLUMINOSOS E MOBLES**

@s cidadáns e usuarios que desexen desprenderse de mobles, obxectos ou cousas inútiles, salvo que se trate de obxectos procedentes da propia actividade industrial ou comercial, poderán facelo a través do servizo público, previa solicitude ao efecto. O nº máximo de unidades por solicitude e usuario, non poderá ser superior a dous.

Inclúense dentro deste artigo os residuos voluminosos ou de pequeno tamaño pero en grande cantidade, dos que se desprendan os usuarios do servizo sen depositalos co lixo domiciliario.

En todo caso, @s interesad@s terán que levar estes residuos ata vía pública, o día establecido na cita previa, quedando prohibido o seu abandono en calquera outro lugar ou data.

A periodicidade deste servizo será, polo menos, dúas veces por mes.

#### *CAPÍTULO VII.—OUTRAS DISPOSICIÓNNS*

##### **ART. 25.—RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS**

1. Ós efectos do presente Regulamento, considerarase selectiva a recollida por separado de materiais residuais específicos, componentes dos R.S.U.

2. No exercicio desta actividade, favorecerá as iniciativas tendentes á reutilización e reciclaxe dos residuos, fomentando as recollidas selectivas dos mesmos.

3. Poderán establecerse ademais dos mencionados outros servizos de recollida selectiva de:

- a) Residuos vexetais: xardinería e poda.
- b) Materia orgánica ou bioresiduos.
- c) Residuos perigosos de fogares.

4. Os contedores ou recipientes para recollida selectiva, quedan exclusivamente reservados para a prestación da recollida de que se trate, prohibíndose o depósito nos mesmos de materiais residuais distintos aos consignados en cada caso, así como a retirada dos devanditos contedores e recipientes destes residuos.

5. A forma de prestación da recollida selectiva será en contedores específicos normalizados, distribuídos nas rúas, diferentes cores e formas segundo o material a depositar:

En todo caso, respectaranse as condicións de depósito establecidas (horario, forma de presentación etc.), para a totalidade dos contedores.

No que se refire aos contedores para o papel-cartón, vidro e envases lixeiros, poderanse utilizar ininterrompidamente ao longo do día.



### ART. 26.—OBXECTIVOS E ACCIÓNS

O obxectivo é conseguir que os habitantes do Concello adquiran uns “hábitos correctos” que contribúan a mellorar o grao de eficacia que se acada coa prestación dos servizos de recollida selectiva de r.s.u.

Simultaneamente, o Concello ou no seu caso a Empresa concesionaria do Servizo tratará de que, cada vez, os habitantes posúan unha maior conciencia da necesidade da reciclaxe como o mellor método para respectar e conservar o medio ambiente, e se aumente o grao de colaboración a este respecto.

A información aos usuarios incidirá en:

- Correcto uso dos contedores instalados, fundamentalmente no referido ao tipo de residuos e forma de depósito.
- Cumprimento da norma establecida: horario, presentación,etc.
- Colaboración co traballo do persoal adscrito aos servizos.
- Informar a tódolos cidadáns en xeral, e nas Escolas en particular, sobre as actuacións encamiñadas á recollida selectiva.
- Concienciar e motivar sobre a necesidade da separación en orixe, para o seu posterior reciclado, como a mellor maneira de respecto e coidado ao medio.
- Xerar uns costumes limpos e ecolóxicos duradeiros, a través de campañas publicitarias, de formación e concienciación cidadá relacionadas cos servizos, hase acadar a colaboración dos veciños.

## TÍTULO III.—LIMPEZA VIARIA

### CAPÍTULO I.—OBXECTO E ÁMBITO

### ART. 27.—OBXECTO DA MESMA

A limpeza viaria comprende, como regra xeral, a salvo doutras actuacións puntuais:

- A) A limpeza e varrido dos bens de uso público sinalados no artigo seguinte.
- B) A rega dos mesmos.
- C) O baleirado das papeleiras e demais elementos destinados a este fin.
- D) A recollida e transporte dos residuos procedentes desta limpeza.

### ART. 28.—ÁMBITO MATERIAL DA LIMPEZA VIARIA

1. Aos efectos previstos neste Regulamento, son bens de uso público local, os camiños, prazas, rúas, avenidas, beirarrúas, parques, xardíns e zonas verdes, zonas terrizas, pontes, túneles, peonís e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais sempre que a súa conservación e policía sexan da competencia municipal.

2. Son de carácter privado, e polo tanto de responsabilidade particular, a súa limpeza e conservación, as urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, solares e terreos de propiedade particular ou de outras Administracións ou Entidades Públicas, galerías comerciais, zonas verdes privadas e similares, calquera que sexa o título dominical ou posesorio ou o réxime de propiedade ou posesión con que se detenten.

3. Así mesmo, quedan exceptuados do réxime previsto no número 1º deste artigo os terreos que, aínda sendo de propiedade municipal, estean sometidos a un uso común especial ou a un uso privativo por particulares ou outras Administracións Públicas ou Entidades Públicas ou privadas, previas as oportunas licencias e concesións, respectivamente.

**ART. 29. COMPETENCIAS NA MATERIA**

1. Corresponde ao Concello, a través do Concesionario, o exercicio desta actividade nos bens de uso público local a que se refire o número 1º do artigo anterior.

A estes efectos, o Concesionario organizará a prestación do servizo de acordo coas condicións da Concesión, recursos, necesidades, normas de organización, en aras a unha maior eficacia e celeridade na prestación.

2. Compete aos seus titulares dominicais, poseedores e aos usuarios e concesionarios a limpeza dos terreos e bens previstos nos números 2º e 3º do devandito artigo anterior, a tales efectos deberán seguir as directrices que, con carácter xeral, estableza o Concello, en orde á súa limpeza e conservación, garantíndose a súa seguridade, salubridade e ornato.

En caso de incumprimento das obrigas que lles atinxen, derivadas deste Regulamento, ou das indicacións do Concello sinaladas no parágrafo anterior, este poderá acudir á execución subsidiaria nos termos do artigo 98 da vixente Lei 30/1992 de 26 de novembro do Régime Xurídico das administracións Públicas do Procedemento administrativo Común, (ou da norma que, no futuro, a estableza), sen prexuízo de exercitar a potestade sancionadora que lle recoñece este Regulamento.

**CAPÍTULO II.—OBRIGAS DOS TITULARES DE TERREOS, INMOBLES E INSTALACIÓNS DIVERSAS.****ART. 30.—LIMPEZA DE TERREOS E DEMAIS BENS INMOBLES**

Os propietarios de terreos e demais bens inmobles, deben mantelos en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade, segundo o seu destino, realizando os traballos precisos para conservar ou repoñer as devanditas condicións. O custo das obras que deriven das recollidas no parágrafo anterior, corresponderá aos propietarios dos inmobles afectados ata o límite do deber legal de conservación.

O incumprimento dos deberes de conservación impostos no parágrafo primeiro, permitirá ao órgano municipal competente, ditar ordes de execución que obrigarán aos propietarios dos bens inmobles a realizar as obras necesarias para conservar ou repoñer nos bens inmobles as condicións derivadas dos deberes de conservación.

O incumprimento da orde de execución faculta o Concello de Poio para proceder á súa execución subsidiaria ou para impoñer multas coercitivas nos termos previstos na Lei de Ordenación urbanística de Galicia vixente.

**ART. 31.—SOLARES**

A limpeza de soares e outros terreos de propiedade privada, que non estean incluídos no artigo anterior, corresponde aos seus propietarios. O incumprimento dará lugar á execución subsidiaria con cargo ao propietario, sen prexuízo da sanción pecuniaria por incumprimento do Regulamento.

1. Os propietarios ou detentadores, por calquera título de solares e terreos de propiedade privada, que non estean incluídos no artigo anterior,sitos no solo urbano ou urbanizable que linden coa vía pública, están obrigados mantelos en condicións de salubridade e seguridade, realizando as tarefas de limpeza, desinfección e desratización que cumpra.

2. O incumprimento destas obrigas no prazo que se estableza, que non excederá de 15 días, comportará a actuación municipal por vía de execución subsidiaria na forma establecida na Vixente Lei Régime Xurídica das Administracións Públicas e de Procedementos Administrativo Común (Lei 30/09/92).



### ART. 32.—COMERCIO AMBULANTE

O exercicio do comercio ambulante en calquera das súas modalidades (en mercadiños, rueiro e itinerante) rexerase polo disposto na súa Regulamento municipal reguladora da actividade, estando obrigados os comerciantes a desmontar o posto ou instalación unha vez finalizado o horario de venda establecido, deixando limpa de residuos e desperdicios a superficie ocupada e arredores; depositarán tales residuos en bolsas homologadas nos contedores ou recipientes emprazados na zona de venda, ou nos lugares especiais establecidos polo Concello.

### ART. 33.—QUIOSCOS E OUTRAS INSTALACIÓNS

Os titulares ou detentadores de quioscos, de calquera tipo (Loterías, prensa, etc.), e de outras instalacións que comparten o uso común especial ou o uso privativo do dominio público ou de zonas abertas ao tránsito público, á marxe das prescripcións que na súa normativa específica se establecen sobre as condicións dos mesmos e o exercicio da actividade, están igualmente obrigados a manter en perfecto estado de limpeza a zona que ocupen e os seus arredores.

A estos efectos, instalarán pola súa conta, unidas aos quioscos ou instalación de que se trate, as papeleiras precisas para preservar a limpeza da zona; o seu mantemento en bo uso correspondeles, debendo evacuar os residuos alí depositados ou producidos pola actividade en bolsas homologadas que aloxarán nos contedores da zona no horario establecido para a recollida dos mesmos.

### ART. 34.—ESTABLECIMENTOS DE HOSTALERÍA

Os establecementos de Hostalería e análogos, que ocupen o dominio público ou o privado de tránsito, no seu caso, están suxeitos ás obrigas sinaladas nos dous artigos anteriores, instalando as papeleiras precisas, que non poderán fixarse ao pavimento (cando se trate de dominio público), e limpando a zona en que se exerce a actividade e os seus arredores durante e despois da xornada de traballo, afastando os residuos producidos en bolsas homologadas que depositarán nos contedores en horario establecido ao efecto para a súa recollida.

### ART. 35.—COMERCIOS

Os titulares ou detentadores, por calquera título, de comercios ou establecementos de toda índole manterán limpos e acordes coa hixiene urbana os elementos integrantes da súa fachada.

A estos efectos, a limpeza dos escaparates, portas, toldos, cortinas, etc., dos devanditos establecementos efectuarase en forma que non ensucie a vía pública e en horario comprendido dende a apertura do establecemento, en xornada diúrna, ata as 11 horas.

### ART. 36.—HIXIENE DO SERVIZO DE TRANSPORTES

1. A prestación do servizo de transporte de persoas ou cousas, en calquera das súas modalidades, que implique a reserva de estacionamento na vía pública, comporta, ademais das sinaladas con carácter xeral neste Regulamento e das relativas á limpeza exterior e interior do propio vehículo, a obriga dos transportistas de manter en perfecto estado de limpeza as zonas especificamente utilizadas por eles.

2. Cando se produza a carga ou descarga de calquera vehículo, evitarase o ensuciado da vía pública, procedéndose á súa limpeza unha vez concluída esta tarefa, recollendo os residuos resultantes na forma que se establece neste Regulamento en atención á súa tipoloxía concreta.

3. Se os materiais transportados son poirentos, cartóns, papeis ou calquera outro produto diseminable, deberán ir cubertos con lonas, toldos ou elementos similares, evitándose o seu espallamento na vía pública. A estos efectos, queda prohibido aumentar con suplementos adicionais a capacidade de carga da caixa do vehículo.



4. O incumprimento destas obrigas levará consigo, ademais da execución subsidiaria con resarcimento dos gastos ocasionados, a sanción pertinente, e no seu caso, a inmovilización do vehículo ou a súa retirada polos servizos mancomunados, con abandono dos citados gastos, estimándose corresponsables solidariamente o condutor do vehículo, o seu titular e, tratándose de mercancías, o establecemento, entidade ou destinatario das mesmas.

**ART. 37.—DISPOSICIÓN XERAL**

1. As instalacións que, non estando comprendidas nos artigos anteriores deste Capítulo, desenvolven unha actividade similar ás nel recollidas, seguirán as prescripcións establecidas no mesmo, acomodadas á súa propia singularidade.

2. A infracción destas prescripcións por calquera dos obligados neste Capítulo pode comportar, por incumprimento das condicións do seu exercicio, a retirada temporal ou definitiva da licencia, concesión ou autorización concedida para o desenvolvemento da actividade de que se trate, ademais do pago das cotas tributarias, contempladas nas correspondentes Regulamentos fiscais, pola intervención do Concello que se derive do incumprimento das obrigas impostas en relación á limpeza viaria e polas que o seu desacato motivou a devandita intervención da Administración Local.

**CAPÍTULO III.—USO DO DOMINIO PÚBLICO CON ACTIVIDADES DIVERSAS NO ÁMBITO DA LIMPEZA****Sección Primeira: Animais domésticos.****ART. 38.—TENENCIA E CIRCULACIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS**

A tenencia e circulación de animais na vía pública axustarase ao disposto nas Regulamentos municipais sobre control animal, e cantas outras se promulguen especificamente sobre a materia.

**ART. 39.—OBRIGAS DOS PROPIETARIOS OU DETENTADORES**

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, os propietarios ou detentadores de animais domésticos están obrigados, na súa estancia e circulación polo dominio público, a:

A) Impedir que efectúen as súas deposicións nas rúas, beirarrúas, parterres, zonas verdes ou terrizas e restantes elementos da vía pública destinados ao tránsito, paseo, estancias de persoas e vehículos e ao solaz das primeiras.

**ART. 40.—RECOLLIDA DOS SEUS RESIDUOS**

1. Os de animais domésticos deberán recoller e retirar os excrementos ou residuos provenientes dos mesmos, limpando a vía pública afectada.

Para iso, poderán incluír os devanditos residuos:

A) Na bolsa de recollida domiciliaria.

B) En bolsas perfectamente pechadas, que se depositarán en contedores ou, no seu defecto, en papeleiras.

C) Sen envoltorio, nos lugares habilitados ao efecto para estas dexeccións ou nos sumidoiros.

**ART. 41.—OUTROS SUPOSTOS**

Sen menoscabo dos Regulamentos municipais publicadas especificamente sobre a materia, naqueles acontecementos ou celebracións festivas tradicionais ou esporádicas que se celebren no Concello, nos que teñan unha participación activa os animais domésticos, ademais de requirirse unha previa autorización municipal para a súa realización e participación dos animais, estableceranse as medidas oportunas para preservar a hixiene urbana da zona ou lugares onde se produza a concorrencia dos mesmos, ademais de ser de aplicación o establecido nos artigos anteriores.



### *Sección Segunda: Regas e residuos de plantas.*

#### *ART. 42.—REGAS DE PLANTAS*

A rega de plantas domiciliarias efectuarase sen producir derramamentos ou pingueiras sobre a vía pública e entre as 24 e 8 horas, adoptando as precaucións precisas para impedir molestias aos veciños e transeúntes.

#### *ART. 43.—RESIDUOS DE PLANTAS*

Os restos orgánicos ou inorgánicos resultantes do coidado destas plantas e dos seus recipientes, depositaranse na bolsa correspondente do lixo domiciliario, (separadamente nas zonas onde a recollida selectiva en orixe estea establecida), sen que poidan verterse á vía pública, fóra dos contedores, ou en solares ou terreos públicos ou privados.

### *Sección Terceira: Limpeza de obxectos e de elementos domiciliarios.*

#### *ART. 44.—LIMPEZA DE OBXECTOS*

A limpeza e, no seu caso, sacudida de prendas, alfombras e outras cousas domésticas sobre a vía pública só se permite entre as 7 ás 9 horas, procurándose, en todo caso, evitar danos e molestias aos veciños e transeúntes ou os seus bens inmediatos.

#### *ART. 45.—LIMPEZA DE ELEMENTOS DOMICILIARIOS*

A limpeza e pintado das fachadas dos edificios efectuarase entre as 7 e 11 horas, previa licencia municipal no seu caso, quedando obrigados os interesados a deixar exenta a vía pública de residuos ou restos sólidos ou líquidos procedentes destas operacións.

#### *ART. 46.—VERTIDOS DIVERSOS*

1. Queda terminantemente prohibido o vertido sobre a vía pública de sumidoiros de aparatos de refrixeración ou de instalacións de calquera outro tipo.

2. Así mesmo prohíbese o vertido de augas sucias sobre a vía pública ou zonas axardinadas, salvo a procedente da limpeza a que se refire o artigo anterior e da domiciliaria, que só se poderá verter nos sumidoiros da rede de sumidoiros, guiando o devandito cara os mesmos ou evacuando os recipientes nos que se conteñan sobre eles, evitándose, en calquera caso, as molestias aos transeúntes e vehículos.

#### *ART. 47.—OUTROS SUPORTOS*

Queda tamén prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar a vía pública e, de forma especial, o lavado e limpeza de vehículos, a reparación dos mesmos polos particulares ou polos talleres e a manipulación ou selección dos residuos ou desfeitos sólidos urbanos.

### *Sección Cuarta: Publicidade estática e dinámica.*

#### *ART. 48.—DISPOSICIÓN XERAL*

O exercicio da actividade de publicidade, en calquera das súas modalidades, está suxeita a previa licencia municipal e ao pago das taxas, Prezos Públicos ou exaccións que se establezan polas Regulamentos Fiscais.

A devandita publicidade efectuarase de acordo co que dispoñan as Regulamentos municipais de publicidade e, no que se refire á limpeza, nos artigos seguintes:



### ART. 49.—PUBLICIDADE ESTÁTICA

1. A publicidade estática efectuarase nos lugares previamente autorizados polo Concello quedando prohibida a súa fixación nos edificios e zonas declarados como histórico-artísticos, nos elementos integrantes do mobiliario urbano que non se habiliten expresamente para esta actividade e naqueles lugares nos que a súa instalación supoña un atentado ao ornato público.

2. O Concello determinará os lugares en que, como regra xeral e con suxección a estes preceptos e á Regulamento municipal de publicidade, poida efectuarse a colocación de carteis e adhesivos ou calquera outro tipo de instalación unida de publicidade.

3. A colocación de pancartas na vía pública ou en edificios só poderá efectuarse previa autorización municipal expresa.

4. A autorización para efectuar calquera tipo de publicidade leva implícita a obriga de limpar os espazos ou instalacións da vía pública ou outros bens que se tivesen utilizado como soporte, e retirar, nas 24 horas seguintes á finalización do prazo de fixación autorizado, os elementos publicitarios e os seus correspondentes accesorios.

5. Queda prohibido desgarrar, arrancar e tirar á vía pública carteis, anuncios e pancartas. A súa retirada será efectuada polas empresas, entidades ou particulares anunciantes, sen que en ningún caso poidan deixalos abandonados na vía pública.

6. Así mesmo, queda prohibida a fixación ou colocación de oitavas ou de calquera tipo de publicidade, sobre os limpa-parabrisas dos vehículos, xa estean estacionados na vía pública, ou en marcha.

### ART. 50.—PUBLICIDADE DINÁMICA

1. A publicidade megafónica regularase polas Regulamentos municipais de Publicidade, sen que, en ningún caso, poida efectuarse fóra dos horarios de comercio, e cun volume que non perturbe a normal tranquilidade cidadá, quedando terminantemente prohibido o espallamento de oitavas e outros elementos publicitarios dende os vehículos en que se efectúe.

2. O reparto manual de oitavas ou calquera outro tipo de soporte publicitario está sometido á previa autorización municipal, debendo efectuarse racionalmente, polo que queda prohibido o seu espallamento indiscriminado, o que inclúe expresamente a colocación no parabrisas dos automóbiles.

### ART. 51.—OUTROS SUPOSTOS

As pintadas na vía pública sobre elementos estruturais, rúas, beirarrúas, mobiliario urbano, muros, paredes, etc., están, como regra xeral, prohibidas, coas seguintes excepcións:

A) As pinturas murais de carácter artístico, que se realicen con autorización do propietario e que non atenton á estética e decoro urbano.

B) As que contem cunha previa e expresa autorización municipal.

#### *Sección Quinta: Limpeza no ámbito persoal.*

### ART. 52.—CONDUCTAS CÍVICAS E INCÍVICAS

1. A conduta dos cidadáns no ámbito da limpeza pública debe acomodarse ás normas e costumes básicas de civismo, decoro e convivencia cidadáns, debendo colaborar co Concello e Concesionario e en defensa daquela.

2. Por iso, queda terminantemente prohibido:

A) Tirar na vía pública toda clase de produtos, sólidos ou líquidos, polos transeúntes e os usuarios de vehículos, xa estean estes en marcha, xa estean detidos, así como dende os inmóveis.



A estes fins, deberán ser depositados nos colectores, papeleiras e demais elementos especificamente destinados a tal fin.

B) Aos usuarios manipular os elementos mobiliarios do servizo, anteriormente indicados, e realizar calquera actuación que deteriore o seu estado, ou os inutilice.

C) Satisfacer as necesidades fisiológicas vertendo os seus productos na vía pública.

D) O abandono de residuos en terreos públicos ou privados, producidos en zonas de baño, acampadas, excursións, romaría e de calquera outra causa.

### *ART. 53.—LIMPEZA DOMICILIARIA*

1. Os propietarios ou usuarios, por calquera título, de inmobles, estean ou non habitados, están obrigados a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, limpando e mantendo as fachadas, entradas e tódolos elementos do inmobles visibles dende a vía pública.

2. Queda prohibida nos inmobles a exhibición visible dende a vía pública de roupas tendidas e calquera outra clase de accesorios ou obxectos que atenten ao ornato ou decoro da mesma.

### *Sección Sexta: outras actividades.*

### *ART. 54.—ACTOS PÚBLICOS DIVERSOS*

1. Os organizadores de actos públicos nos lugares sinalados no artigo 28.1 deste Regulamento, son responsables da afección que, como consecuencia dos mesmos, se efectúe á hixiene urbana debendo adoptar as medidas precisas e suficientes para preservala.

A estos efectos, con antelación mínima de 10 días naturais, deberán solicitar ao Concello a autorización pertinente para a celebración do acto de que se trate, indicando o lugar e horario da mesma, dando conta, simultaneamente ao Concesionario.

2. O Concello poderá esixirrles, como trámite previo e ineludible á autorización, a prestación dunha fianza ou aval bancario polo importe previsible das operacións específicas de limpeza que se deriven da devandita celebración; a súa valoración será efectuada polo Concesionario.

### *ART. 55.—CARGA E DESCARGA*

1. Rematada a carga e descarga de calquera vehículo, procederase a limpar toda a zona pública que fose ensuciada durante a operación, retirando desta os residuos vertidos.

2. Están obrigados ao cumprimento deste precepto os usuarios ou as empresas propietarias dos vehículos e, subsidiariamente, os responsables dos establecementos ou terreos en que se efectuara a carga e descarga.

### *TÍTULO IV.—RÉXIME SANCIÓNADOR*

### *ART. 56.—INSPECCIÓN*

1.—Corresponde ao Concello a inspección e sanción, no seu caso, do cumprimento e infraccións, respectivamente, do disposto neste Regulamento e demais normativa en vigor, sen prexuízo de dar conta ás autoridades xudiciais e administrativas das conductas e infraccións cuxa inspección e sanción teñan atribuídas legal ou regulamentariamente.

2.—A inspección á que se refire o número anterior, levarase a cabo polo Servizo de Medio Ambiente Municipal, así como aquel persoal expresamente autorizado polo Concello, contando, en todo caso coa colaboración dos membros integrantes da Policía Local.



3.—@s cidadáns e usuari@s do servizo están obrigad@s a prestar toda a colaboración ás inspeccións a quen se refire este artigo, a fin de permitir a realización de calquera exames, controles, enquisas, toma de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento da súa misión.

**ART. 57.—INFRACCIONES**

Sen perxuízo das infraccións establecidas na normativa competente da Comunidade Autónoma de Galicia, constitúen infracción administrativa as accións que incumpran os deberes, prohibicións ou limitacións contidos neste Regulamento, en virtude do establecido no artigo 139 da vixente Lei de Bases de Régime Local.

As infraccións que se cometan contra o disposto neste Regulamento e a Normativa ou actuacións derivadas da mesma, conforme ó disposto no artigo 140 da LBRL, clasíficanse en leves, graves e moi graves.

**1.—Son infraccións leves:**

- a) A falta de limpeza das rúas particulares ou outros espazos do mesmo carácter.
- b) Botar desperdicios na vía pública.
- c) Non manter en estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.
- d) Arrancar, resgar ou ensuciar carteis ou anuncios.
- e) deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos dos establecementos comerciais.
- f) Colocar carteis en lugares non permitidos.
- g) O incumprimento, activo ou pasivo dos requisitos que no orde á preservación da hixiene urbana efectúense, sempre que pola súa entidade non este tipificado como falta grave ou moi grave.
- h) Os leves descoidos u omisións co Servizo, sen especial transcendencia na limpeza pública, na xestión dos residuos ou as actividades reguladas neste Regulamento.
- i) O incumprimento, activo ou pasivo, dos preceptos deste Regulamento que non constitúan falta grave o moi grave.

**2.—Son infraccións graves:**

- a) A obstrución, activa o pasiva, a actividade municipal na materia obxecto deste Regulamento.
- b) Non realizar as operacións de limpeza necesarias despois da carga e descarga de vehículos.
- c) Non proceder á limpeza das dexeccións de cans ou outros animais.
- d) Realizar inscripcións ou pintadas.
- e) Empregar indebidamente ou danar os recipientes herméticos de recollida de residuos propiedade do Concello, os bancos ou as papeleiras, orixinando problemas de salubridade ou de limpeza na vía pública.
- f) Abandonar mobles, aparellos ou calquera outro elemento similar nos espazos públicos.
- g) A negativa dos produtores ou detentores de desperdicios ou residuos sólidos a súa posta a disposición do Servizo o con manifesta infracción do disposto neste Regulamento.
- h) O incumprimento do deber de xestión dos residuos polos interesados, cando non sexa competencia do Concello a realización da mesma.
- i) O vertido incontrolado fora dos lugares establecidos ao efecto, sempre que constitúa un risco grave para as persoas e os seus bens, os recursos naturais e o medio ambiente.



- j) O incumprimento, activo ou pasivo das prescripcións deste Regulamento cando pola súa entidade comporte unha afección grave a hixiene urbana.
- k) A exhibición á autoridade ou aos seus Axentes da documentación falsa relativa o Servizo ou a ocultación dos datos obrigados a subministrar no exercicio da competencia municipal a que se refire o artigo 56.
- l) A reincidencia en faltas leves.

*3.—Son infraccións moi graves*

- a) O incumprimento, activo ou pasivo das prescripcións deste Regulamento cando pola súa entidade comporte unha afección moi grave ou irreversible a hixiene urbana.
- b) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.
- c) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo público.
- d) As demais previstas na lexislación e normativa aplicable, non recollidas nas letras anteriores.
- e) A reincidencia en faltas graves.
- f) O vertido incontrolado fora dos lugares establecidos o efecto, sempre que constitúan un risco moi grave para as persoas e os seus bens, os recursos naturais e o medio ambiente.
- g) A constitución de depósito, vertedoiros clandestinos ou carentes das garantía establecida neste Regulamento.
- h) O abandono, vertido o depósito incontrolado dos residuos excluídos deste Regulamento, illadamente ou xunto aos recollidos na mesma.

4.—Aos efectos previstos nos apartados anteriores, enténdese por reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así se declarase por resolución firme.

As infraccións prescribirán segundo os prazos establecidos nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos, prescribirán:

- a) Aos 3 anos, as moi graves.
- b) Aos 2 anos as graves.
- c) Aos 6 meses as leves.

**ART. 58.—RESPONSABLES**

1.—Aos efectos previstos neste capítulo e no Regulamento en xeral, son responsables das infraccións cometidas, directamente, os que as realicen por actos propios ou polos de aqueles de quen débase responder de acordo coa lexislación vixente.

2.—Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de veciños ou calquera outro tipo de asociación, teña ou non personalidade xurídica, a responsabilidade atribuirase ás mesmas e no seu caso a persoa que legalmente as represente.

3.—Nos termos previstos neste Regulamento, poderase esixir a responsabilidade solidaria cando a imputación e sanción da infracción sexa residenciable en dúas ou mais persoas físicas ou xurídicas a asociacións ou comunidades a que se refiren o número anterior.

**ART. 59.—SANCIONES**

1.—Sen prexuízo das responsabilidades civís e penais nas que se puidera incorrer, que esixiranse pola vía procedente, dándose traslado á autoridade competente, e das medidas complementarias establecidas mais adiante, as infraccións a este Regulamento sancionaranse da seguinte forma:



- a) As leves, con multa de 30 a 150 Euros e apercibimento
- b) As graves, con multa de 150 a 750 Euros, clausura temporal, total ou parcial, das instalacións e cese temporal, total ou parcial, das actividades das que se trate.
- c) As moi graves con multa de 750 a 1.000 Euros, clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións e cese definitivo total ou parcial, da actividade.

2.—As multas son compatibles coas sancións de apercibimento e cese e peche temporais.

3.—Cando se impoñan sancións de carácter temporal será requisito previo para a continuación da actividade que ocasionou a infracción a corrección das circunstancias determinantes da sanción.

4.—Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, por comisión no período dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando se houbera declarado por resolución firme.

As sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos, prescribirán:

- a) Aos 3 anos, as sancións impostas por infraccións moi graves.
- b) Aos 2 anos, as sancións impostas por infraccións graves.
- c) Ao ano, as sancións impostas por infraccións leves.

### *ART. 60.—PROCEDEMENTO SANCIONADOR*

Será de aplicación o previsto na Ordenanza Municipal Xeral de Limpeza e Medio Ambiente.

### *ART. 61.—PRESCRICIÓN DAS INFRACCIONES*

1.—As infraccións tipificadas neste Regulamento prescribirán:

- A) As leves, aos 6 meses
- B) As graves, aos 2 anos
- C) As moi graves, aos 3 anos

2.—O prazo de prescripción contaráse dende o día no que se cometía a infracción.

### *ART. 62.—MEDIDAS COMPLEMENTARIAS*

Por razóns de urxencia e cando concorran circunstancias que afecten a salubridade ou o orde público na súa vertente de hixiene urbana, poderase proceder á cláusula cautelar ou suspensión da actividade que infrinxía o disposto neste Regulamento por acordo motivado, incluíndose dentro destes conceptos a inmovilización dos vehículos, a retirada de contedores, o precinto dos aparatos ou instalacións que provoquen dita afección.

### *ART. 63.—EXECUCIÓN SUBSIDIARIA*

Sen prexuízo da potestade sancionadora establecida neste capítulo, no caso de incumprimento polos usuarios do servizo dos deberes que lles incumben na materia, tras requerimento ao efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polo Concello, por conta dos responsables e ao marxe das indemnizacións ás que houbera lugar.



Non será necesario requirimento previo, pudendo procederse de modo inmediato a execución cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente.

### *ART. 64.—OBRIGACIÓN DE REPOÑER*

1.—@s infractores estarán obrigados a reposición o restauración dos danos producidos que poderá comprender a retirada de residuos, ou a súa xestión, a limpeza da zona afectada, e, en xeral, a execución de cantes traballos sexan precisos para tal finalidade, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción .

2.—@ responsable das infraccións debe indemnizar os danos e prexuízos causados.

### *Disposicións transitorias*

Primeira.—Este regulamento aplicarase únicamente aos procedementos iniciados con posterioridade á súa entrada en vigor.

### *Disposición derogatoria*

Este regulamento , unha vez que entre en vigor, derrogará cantas disposicións de igual ou inferior rango, así como das incluídas na ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente, actualmente vixente, en todo o que se opoña á mesma, podendo seguir aplicándose dita ordenanza con carácter subsidiario en todo o que non contradiga ou sexa incompatible con novo regulamento.

### *Disposicións finais*

Primeira.—Autorización para elaborar un texto refundido en materia de residuos, punto limpo e limpeza viaria.

Autorízase aos servizos municipais para elaborar, no prazo de catro meses, dende a entrada en vigor deste Regulamento, un Texto Refundido no que se integren, debidamente regularizados, aclarados e harmonizados, ademais deste propio Regulamento, a Ordenanza Municipal Xeral de limpeza e medio ambiente.

### *Segunda.—Entrada en vigor.*

O presente regulamento entrará en vigor, despois da súa aprobación, unha vez publicado o seu texto integral no Boletín Oficial da Provincia e cando transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Poio, 26 de agosto de 2014.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

2014007260

\* \* \*

## **O PORRIÑO**

### **A N U N C I O**

Por Decreto de Alcaldía de data 05/08/14, procedeuse á declarar deserta a licitación relativa ao acordo marco cun único contratista en cada lote para a prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos e maquinaria de titularidade municipal, coas seguintes especificidades:

#### **1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a) Organismo: Concello do Porriño
- b) Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Contratación